



ENTRADAS E SAÍDAS ALUMNADO SECUNDARIA

Ver planos nº 1 a 8, onde se dan detalles sobre formacións, rutas de circulación e portas de acceso.

O alumnado deberá entrar e saír **UNICAMENTE** polas portas asignadas a cada grupo **USANDO EN TODO MOMENTO A MÁSCARA DE PROTECCIÓN**.

Todas as circulacións no IES faranse en ringleira de a UN, gardando as distancias de seguridade e acompañados polo profesorado que teña asignado o grupo a esas horas.

ALUMNADO CON NEE

O alumnado con NEE realizará as entradas e saídas do centro pola rampla situada xunto á porta principal e usará o ascensor para acceder a súa aula. A entrada deste alumnado será a partir das 8:25h (15:55h en horario de tarde), cando estea libre o corredor paralelo á entrada principal. As saídas xerais e no recreo serán as mesmas que as lle toque a súa clase e sempre en primeiro lugar. O persoal coidador acompañará a este alumnado en todas as entradas e saídas da aula.

ENTRADAS XERAIS (MAÑÁ E TARDE)

O alumnado de ESO entrará pola Porta 1 (porta grande do patio).

No momento da apertura das portas do patio - Rúa Vicente Risco (8:15 h e 15:45 h) e antes da entrada nas aulas, situaranse no patio na ringleira correspondente ao seu grupo (estará identificado), colocándose de un en un e gardando a distancia de seguridade de 1,5 m, segundo o reflectido en planos adxuntos, e agardarán ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso profesor/a de garda, para entrar ao edificio.

A entrada efectuarase ás 8:20h (15:50h no horario de tarde) dende o patio pola escaleira principal, en orde, empezando pola fila situada á esquerda no plano adxunto (plano nº 2).

Non se abandonará a formación ata que o curso precedente teña finalizada a saída do patio e esta rematará una vez chegados á aula e sentados na cadeira asignada ao alumno.

O alumnado que chegue tarde dirixirse á entrada principal, esperará ao carón das formacións que aínda non teñan entrado e entrará pola porta principal cando llo indique o profesorado de garda.

Recórdase que 3 faltas de puntualidade supoñen un parte de incidencias.

RECREO

SAÍDA RECREO

O profesorado a quen corresponda a hora lectiva previa ao recreo terá ao alumnado, na súa aula de referencia, preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario



establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

- PLANTA BAIXA

Os grupos situados no corredor da Biblioteca sairán cando toque o segundo timbre (11:00 h)

- PRIMEIRA PLANTA

Todos os grupos da primeira planta sairán cando toque o primeiro timbre (10:57 h).

Os grupos á dereita da Sala de Profesores (da A101 á A104) e aula A105 pola escaleira principal, e os grupos á esquerda da Sala de Profesores (da A106 á A110 e Aula de Debuxo) pola escaleira lateral, empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo as indicacións dos profesores de cada grupo.

- SEGUNDA PLANTA

Todos os grupos da segunda planta sairán cando toque o segundo timbre (11:00 h).

Os grupos situados á dereita (A201, A202, A203 e A204) pola escaleira principal, e os grupos á esquerda (A205, A206 e A207) pola escaleira lateral, empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo as indicacións dos profesores de cada grupo.

O alumnado de Secundaria dirixirase ao patio, de un en un e gardando a distancia de seguridade, e situarase na zona que lle corresponde ao seu grupo, segundo o reflectido en planos adxuntos (12 á 16).

SALIDA EN CASO DE MAL TEMPO:

O alumnado de 1º ESO, 2º ESO e 3º ESO dirixirase ao Ximnasio e situarase na zona que lle corresponde ao seu grupo, segundo o reflectido en planos adxuntos.

O alumnado de 4º ESO dirixirase á zona cuberta do Edificio B e situarase na zona que lle corresponde ao seu grupo, segundo o reflectido en planos adxuntos.

ENTRADA RECREO

O alumnado de ESO ás 11:25 h, seguindo instrucións do profesorado de garda, formará por grupos dentro da súa parcela, ocupando cada grupo a terceira parte do espazo (ver plano nº 17) e agardarán ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso profesor/a de garda, para entrar ao edificio e dirixirse a aula correspondente.

Non se abandonará a formación ata que o curso precedente teña finalizada a saída do patio e esta rematará una vez chegados á aula e sentados na cadeira asignada ao alumno.

A secuencia de entrada será a seguinte:

1º A, 1º B, 1º C, 2º A, 2º B, 2º C, 3º A, 3º B, 3º C, 4º A, 4º B, 4º C

ENTRADA CASO DE MAL TEMPO:

O alumnado de ESO ás 11:25 h, seguindo instrucións do profesorado de garda, formará por grupos dentro da súa parcela (1º, 2º e 3º no ximnasio e 4º no patio do edificio B), ocupando cada grupo a



terceira parte do espazo (ver plano nº 18) e agardarán ao profesor/a co que teñan clase, ou de ser o caso profesor/a de garda, para entrar ao edificio e dirixirse a aula correspondente.

Non se abandonará a formación ata que o curso precedente teña finalizada a saída do patio e esta rematará una vez chegados á aula e sentados na cadeira asignada ao alumno.

A secuencia de entrada será a seguinte:

- Dende o Ximnasio: 1º A, 1º B, 1º C , 2º A, 2º B, 2º C, 3º A, 3º B, 3º C
- Dende o Edificio B: 4º A, 4º B, 4º C

SAÍDAS XERAIS (MAÑÁ E TARDE)

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

- **PLANTA BAIXA**

Os grupos situados no corredor da Biblioteca sairán cando toque o segundo timbre (14:00 h no horario de mañá e 17:40h no horario de tarde)

- **PRIMEIRA PLANTA**

Todos os grupos da primeira planta sairán cando toque o primeiro timbre (13:57 h no horario de mañá e 17:37h no horario de tarde). Os grupos á dereita da Sala de Profesores (da A101 á A104) e aula A105 pola escaleira principal, e os grupos á esquerda da Sala de Profesores (da A106 á A110 e Aula de Debuxo) pola escaleira lateral, empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo as indicacións dos profesores de cada grupo.

- **SEGUNDA PLANTA**

Todos os grupos da segunda planta sairán cando toque o segundo timbre (14:00 h no horario de mañá e 17:40h no horario de tarde). Os grupos situados á dereita (A201, A202, A203, A204 e Laboratorios) pola escaleira principal, e os grupos á esquerda (A205, A206 e Aula de Música) pola escaleira lateral, empezando polo grupo que se encontra máis próximo ás escaleiras e seguindo as indicacións dos profesores de cada grupo.

O alumnado de Secundaria irá ao patio e sairá ao exterior do centro pola mesma porta que entraron. Non se permite que o alumnado quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos.